

GUÍA BÁSICA PARA COLABORADORES

Cal é o noso obxectivo?

Que os alumnos traballen axudándose mutuamente, que interaccionen para resolver os problemas. Con isto conseguiremos que as súas aprendizaxes sexan máximas.

Que teño que facer?

- Primeiro son as presentacións (se é que non vos coñecedes). Preséntate e fai que o grupo co que esteas a traballar tamén o faga. Trata de aprender os seus nomes e que os nenos se decaten de que os sabes. Para iso un bo truco é usar os nomes cando lles fales. Despois empezamos a traballar.
- O teu labor é garantir que se axuden entre eles e se concentren no traballo. Intenta que resolvan en grupo dende o principio. Se hai máis dunha tarefa e pouco tempo, pódese dividir o traballo. Lanza preguntas do tipo de " como podemos facer isto? ".
Intenta que falen todos.
Para iso podes facer preguntas directas aos que menos estean a participar do tipo de " (nome do neno), a ti que che parece? ", ou intenta que expliquen por quendas.
- Valora todas as intervencións como valiosas (pero que non resulte falso). Utiliza o reforzo positivo máis que o negativo. É dicir, expresa e recalca as intervencións positivas que axudan ao traballo conxunto.
- Expresa altas expectativas ao grupo con frases do tipo de "vós podedes facelo".
- Transmite ilusión pola aprendizaxe.
- Se téns problemas non dubides en pedir axuda a profesor/a.